

SEPT 2023 - MAI 2024

EDICIÓN ANUAL

VILAMARÍN XSPERTA NEWS

ESCOLAR

XORNAL

XA SOMOS CIFP!



O Instituto de Educación Secundaria de Vilamarín xa é cousa do pasado, xa que para o curso 2023/24 muda nun centro integrado de Formación Profesional.





Índice

- **XA SOMOS CIFP!**
- **AXENDA GASTRONÓMICA 2024**
- **REDES SOCIAIS DO CENTRO**
- **SERVICIOS COMEDOR EXTERIOR**
- **SEXAMOS MAIS ECOLÓXICOS**
- **EL CIFP DE VILAMARÍN EN NUESTRA MENTE**
- **A ARTE DA CONVIVENCIA E A APRENDIZAXE EMOCIONAL**
- **O ENTROIDO EN VILAMARÍN!**
- **UN CONCOURS AUX BELLES NOTES DE CHANDELEUR!**
- **OLIMPIADAS DE FP**
- **IMOS DE VODA**
- **MOBILIDADE A PRAGA**
- **UNHA NOVA ETAPA, DESPEDIDA DE ANTONIO CARIDE.**
- **VIAXE SENSORIAL A TRAVÉS DAS BEBIDAS FERMENTADAS**
- **A FP DUAL NO CIFP DE VILAMARÍN**
- **NOVIDADES LABORAIS 2024**
- **GALEGAS ÁO PODER**
- **DÍA DAS LETRAS GALEGAS**
- **OBRA DE AMPLIACIÓN DOS OBRADOIROS**
- **ENTREVISTA A DIRECTORA DO CENTRO DE INNOVACIÓN DE FP EDUARDO BARREIROS**
- **CAMPEONATO DE SUMILLERÍA SUSO DOMÍNGUEZ**
- **A RECEITA DO ALUMNO**
- **O CLUBE DAS CATAS**
- **CATAS DE PRODUTOS IXP E DOP**
- **PECHE DE EDICIÓN**

Nova edición

Por equipo de redacción

Benvidos a unha nova edición da revista Vilamarín Xsperta News. Con esta publicación pretendemos dar información a toda a comunidade educativa dos eventos e actividades que se desenvolven no CIFP de Vilamarín. Léstedes ben, este ano o noso centro transformouse en Centro Integrado de Formación Profesional.

Nesta 4ª edición, incluimos unha entrevista coa directora, Eva Fachado, que nos explica algúns dos detalles que implicaron este cambio.

Neste curso 2023/2024 tiveron lugar multitude de actividades tanto no propio centro como outros eventos que contaron coa participación do noso alumnado. Repetimos actividades que consideramos de interese para o alumnado, como as visitas do alumnado á feira Fórum Gastronómico na cidade da Coruña, e Xantar Expourense, así como visitas a empresas e charlas que axudan a complementar a formación dos estudantes do CIFP de Vilamarín.

Por outra banda, acollemos a visita de profesionais como Daniel Marín e Xose Lois Sebio nos talleres de restaurante e aula de cata.

Tamén deixamos espacio para amosar a nosa opinión sobre temas de interese e divulgar todo o traballo que tan ben se fai dende a biblioteca do noso centro, con certames e consursos de escritura e redacción.

Este número de Vilamarín Xsperta News é un pequeno resumo de todo o que acontece no noso centro, porque este centro ten moita vida! Esperamos que vos guste.

Xa somos **CIFP!**



CIFP DE VILAMARÍN · CIFP DE VILAMARÍN · CIFP DE VILAMARÍN · CIFP DE VILAMARÍN

CIFP DE VILAMARÍN · CIFP DE VILAMARÍN · CIFP DE VILAMARÍN · CIFP DE VILAMARÍN

ENTREVISTA

Eva Fachado

Entrevistamos á directora do CIFP de Vilamarín.

Nesta conversa, exploraremos a significativa transición que experimentou o IES de Vilamarín ao transformarse en CIFP, os desafíos e as oportunidades que xurdiron durante este proceso, así como os cambios estruturais e académicos que se implementaron.

Bos días Eva, quería falar hoxe contigo sobre o que supuxo para nós como centro, pasar a converternos nun Centro Integrado de Formación Profesional.

Despois de pasado todo o curso, podemos considerar que foi unha boa nova?

Eu penso que si. Eu estaba co medo normal de como ía saír todo, pero en realidade este nomeamento é froito do traballo destes últimos anos tratando de facelo moi ben. Temos unha responsabilidade grande coa implantación do sistema de calidade, pero o estamos facendo ben, xa que podemos dicir que somos o único centro que non tivo non conformidades na auditoría externa, clara mostra deste compromiso que adquirimos.

Foi unha noticia esperada ou relativamente repentina?

Si, bastante repentina, de feito, tivemos unha hora para convocar o claustro e vos comunicar a nova, antes de que saíra publicada en prensa.


Había dúbidas, porque en realidade maio era bastante tarde para facer este comunicado.

Esta nova consideración, de CIFP que cambios implica?

Estructural e organizativamente cambia por completo, aínda que orzamentariamente non tanto. Novos cargos, novas coordinacións, xefaturas de departamento, a estrutura interna do centro cambiou por completo.

A opinión da consellería é que cos anos tamén se traduca nun aumento na matrícula, pero isto xa se verá. Documentalmente tamén comporta a implantación dun sistema de calidade, así como mais autonomía legal e a posibilidade de concesión de mais proxectos.

Mentalmente implicou un cambio intenso e moito traballo, xa que houbo que crear documentos e modelos que non existían.



E os docentes, como foi recibida esta noticia pola súa banda?

Moi ben, no claustro que mencionaba antes, todos os docentes que estaban presente comezaron a aplaudir, quedei moi sorprendida polo ben que foi acollida, pero obviamente, tamén había certo medo e incerteza polo cambio.

A nova categoría de CIFP, fainos mellores?

Si, definitivamente si, porque nos ordena e nos fai crecer. Por exemplo, temos concedidas accións formativas para desempregados (AFD) de Nivel 2 que levavamos tempo solicitando, tamén a Aula Ateca, seguimos coa aula de emprendemento por formar parte da rede de centros integrados, así como o Viveiro de Empresas. Polo que a resposta ten que ser que si.

Aínda que sabemos que o profesorado agora mesmo está saturado, somos conscientes de que vai ser vantaxoso a longo prazo, xa que estar dentro dun sistema de calidade é un aval, unha garantía de procesos.

Moitas grazas Eva por compartir con Vilamarín Xperta News esta pequena reflexión.



Axenda 2024

Por equipo de redacción

- **FITUR:** 22-26 Xaneiro 2025 (Madrid)
- **MADRID FUSIÓN:** 27-29 Xaneiro 2023 (Madrid)
- **BARCELONA WINE WEEK:** 3-5 Febreiro 2025 (Barcelona)
- **FESTIVAL INTERNACIONAL DEL CAFÉ - COFFEE FEST:** 15-17 Febreiro 2025 (Madrid)
- **SIMPLESMENTE VINHO:** 21-23 Febreiro 2025 (Oporto)
- **ESSÊNCIA DO VINHO:** 21-23 Febreiro 2025 (Oporto)
- **BTL BOLSA DE TURISMO DE LISBOA:** Feb 2025 (Lisboa)
- **ITB BERLIN:** 4-6 Marzo 2025 (Berlín)
- **HOSPITALITY INNOVATION PLANET:** 10-12 Marzo 2025 (Madrid)
- **SALON GOURMETS:** 22-25 Abril 2025 (Madrid)
- **A EMOCIÓN DOS VIÑOS:** 6-7 Xullo 2024 (Santiago de Compostela)
- **VINOBLE Salón Internacional de los Vinos Nobles:** 26-28 Maio 2024 (Jerez)
- **SALÓN DE ALIMENTACIÓN DO ATLÁNTICO - SALIMAT ABANCA:** 1-2 Xuño (Silleda)
- **PORTAMÉRICA:** 4-6 Xullo (Caldas de Reis)
- **THE DRINKS SHOW:** 23-24 Setembro 2024 (Madrid)
- **SAN SEBASTIAN GASTRONOMIKA:** 7-9 Outubro 2023
- **FIBAR:** 21-22 Outubro 2024 (Valladolid)
- **MADRID COCKTAIL WEEK:** 19-27 Outubro 2024
- **XANTAR EXPOURENSE:** 24-27 Outubro 2024 (Ourense)
- **ETIQUETA NEGRA - GOURMET GALEGO:** 9-11 Novembro 2024 (Pontevedra)
- **INTUR - FERIA INTERNACIONAL DEL TURISMO DE INTERIOR:** 14-17 Novembro 2024



CIFP Vilamarin

1520 Me gusta • 1746 seguidores



RRSS

LIKE



COMENTA




COMPARTE



Síguenos nas redes sociais do centro. Estos son os canais oficiais nos que o CIFP de Vilamarín ofrece información á comunidade educativa.

A vía principal de información online é a páxina web e as as redes sociais sinaladas.

@cifpvilamarin



RESTAURANTE ESCOLA



Reservas
988 68 50 50



O CIEP de Vilamarín dispón dun restaurante didáctico que permite ao alumnado aplicar as habilidades que vai adquirindo durante o curso.

Este restaurante, aberto ao público, ofrece unha carta gastronómica que cambia en cada servizo, producida e servida polo alumnado de servizos en restauración, cociña e panadaría.

Debido á limitación de espazos e para garantir unha mellor xestión, o restaurante abre para un número restrinxido de comensais externos, que deben facer reserva obrigatoria.

Pódese desfrutar do noso restaurante didáctico de outubro a maio

Tomade nota para o vindeiro curso, xa que as prazas son escasas!



Sexamos ecolóxicos, sexamos vida!

Desde a cafetería do centro estamos levando a cabo unha campaña de reciclaxe de pousos de café, xa que son ricos en nutrientes como o nitróxeno, potasio e fósforo, o que os converte nun excelente fertilizante orgánico para plantas.



Reciclaxe de pousos

IMOS EMPREGALOS PARA COMPOSTAR



**PRÉGASEVOS QUE NON TIREDES NADA Ó
CAIXÓN QUE NON SEXA CAFÉ**



O compostaxe de pousos de café axuda a mellorar a estrutura do solo, aumenta a súa capacidade para retener auga e promove a actividade de microorganismos beneficiosos. Isto resulta nun solo máis saudable e fértil para o crecemento de plantas.

Ademáis é un exemplo de economía circular, onde os residuos convértense en recursos útiles, xa que ó integralos na produción agrícola, créase un ciclo sostible que reduce a dependencia de recursos non renovables.



A reciclaxe de pousos non só axuda a reducir a cantidade de residuos enviados a vertedoiros, senón que tamén ofrece beneficios ambientais e agrícolas significativos

Pídeos!





El Cifp de Villamarín en nuestra mente

Por Isabel López

Hablando con gente desligada al CIFP de Villamarín he llegado a la conclusión que aquí estamos formando:

- 1) **Personas:** que es la cualidad principal para cualquier actividad que quieran desarrollar a lo largo de su vida, (algo complicado porque hay muchas casuísticas), vienen con la mente desordenada y aquí intentamos darle un orden para que les pueda ser útil a lo largo de su vida.
- 2) **Profesionales:** que es a lo que nos dedicamos, y contamos con muy buenos profesionales al respecto, queremos que entre todos amen lo que hacen, y que con nuestro cariño a lo que hacemos, terminen contagiándose.

Para todo ello utilizamos las letras del nombre de nuestro CIFP:

*V*alentía
*I*lusión
*L*ealtad
*L*ucidez
*A*legria
*M*elancolía
*A*mor
*R*ectitud
*I*nquietud
*N*obleza

PD: Recomendamos a todos que lleven en la mente las palabras formadas por el nombre de nuestro instituto para que les puedan ser útiles a lo largo de su vida.



A ARTE DA CONVIVENCIA E A APRENDIZAXE EMOCIONAL

Por Isabel Sánchez

A convivencia, ese arte complexo de compartir espazos e vidas con outras persoas, é algo que todos experimentamos. Xa sexa na casa, no traballo ou na rúa, estamos constantemente interactuando cos demais. E, mentres ás veces pode ser un auténtico pracer, outras veces pode ser tan difícil como tentar cun peixe ande en bicicleta. Hai que reflexionar sobre a importancia de respetarse e incluírse mutuamente, sen esquecer o toque de humor que nos fai a vida máis levadeira.

A escola é un espazo de convivencia onde se reproducen moitas das dinámicas sociais que existen no exterior. Os conflitos entre os estudantes non son unha novidade, pero a maneira en que estes se manifiestan mudou significativamente. Os adolescentes de hoxe en día (non todos) interactúan a través de linguaxes e códigos propios, moitas veces marcados por unha falta de respecto e consideración cara aos demais. As redes sociais e a comunicación dixital desempeñan un papel crucial nesta transformación, promovendo, en ocasións, comportamentos impulsivos e pouco reflexivos.

Os novos modos de falar dos adolescentes caracterízanse por un uso frecuente de insultos, despezos e comentarios despectivos. Esta forma de comunicación, lonxe de ser inocente, revela unha falta de intelixencia emocional e empatía, elementos fundamentais para unha convivencia pacífica. Moitos estudantes non son conscientes do impacto que as súas palabras poden ter nos seus compañeiros, o que leva a situacións de acoso e exclusión social.

Os adultos, incluíndo docentes e pais, teñen un papel fundamental na formación emocional dos adolescentes. Porén, a falta de intelixencia emocional por parte dos adultos pode agravar a situación. Moitos educadores non están preparados para xestionar conflitos de forma efectiva ou para ensinar habilidades emocionais aos seus alumnos. Ademais, a sobrecarga de traballo e a falta de recursos educativos contribúen a unha xestión deficiente destas problemáticas.

Os profesores son modelos a seguir. Os alumnos obsérvanos e aprenden deles non só o que din, senón tamén como actúan.



Un profesor que trata a todos con respecto e equidade está ensinando leccións de convivencia que durarán toda a vida. E se ademais teñen un bo sentido do humor, aínda mellor. Porque, quen non recorda ese profesor que facía chistes malos pero que, dalgún xeito, sempre nos facía rir?

Os profesores crean comunidades. Fomentan a inclusión, animan aos alumnos a traballar xuntos e axudan a resolver conflitos. Son os arquitectos dunha contorna onde todos se senten valorados e respectados. E, ás veces, conseguen que ata o máis tímido participe nas actividades de grupo (aínda que só sexa para evitar outra clase de matemáticas).

Para mellorar a convivencia nas aulas, é imprescindible implementar estratexias educativas centradas no desenvolvemento da intelixencia emocional e a empatía.

- Introducir no currículo escolar programas que ensinen aos estudantes a recoñecer e xestionar as súas emocións, a desenvolver a empatía e a resolver conflitos de maneira pacífica.
- Proporcionar formación específica aos docentes en técnicas de mediación e resolución de conflitos, así como en habilidades de comunicación efectiva e emocional.
- Fomentar espazos de diálogo onde os estudantes poidan expresar as súas preocupacións e sentimentos nun ambiente seguro e respectuoso.
- Educar aos adolescentes sobre o uso responsable das redes sociais e das ferramentas de comunicación dixital, subliñando a importancia do respecto e a privacidade.
- Traballar de maneira coordinada coas familias para asegurar que os valores de respecto e convivencia se reforcen tanto na escola como no fogar.

En conclusión, a convivencia nas aulas é un reflexo das nosas sociedades e das competencias emocionais que somos capaces de transmitir ás novas xeracións. Só a través dun enfoque integral e colaborativo poderemos abordar estas problemáticas e construír espazos educativos onde todos os estudantes se sintan valorados e respectados. A mellora da convivencia escolar non só depende dos alumnos, senón tamén da capacidade dos adultos para liderar con exemplo e proporcionar as ferramentas necesarias para un desenvolvemento emocional saudable. Os profesores son guías esenciais na convivencia escolar. Xestionan equipos, resolven conflitos e inspiran aos seus alumnos a ser mellores persoas. E todo isto, moitas veces, cun sorriso e un toque de humor. Porque a vida, igual que a escola, é mellor cando aprendemos a rirnos xuntos.

O profesorado, indiferentemente da súa especialidade, ten a capacidade de marcar para ben ou para mal a vida dun alumno e moitas veces ignoramos esa repercusión, pero sempre hai que ter en conta que ao final do día, a vida é mellor cando a compartimos con outros, mesmo se temos que aprender a espremer a pasta de dentes dende o final.



Celebramos o ENTROIDO!



Por Loreto Blanco

No noso instituto, como en todo Ourense, o Entroido é unha das festas máis esperadas do ano. Esta celebración enche os corredores de cores, risas e creatividade. Non só se disfrazaron os alumnos, senón que os profesores tamén. Esta participación conxunta crea un ambiente único de alegría e entusiasmo.

Este ano, ademais tivemos o concurso de elaboración de crêpes. Os nosos docentes, cos seus propios disfraces, invitaron a todos a desfilar e a compartir o entroido, Rubén, incluso se animou a tocar unhas pezas coa gaita e chear o centro de música e baile. Cabe destacar que os membros da dirección sorprendéronnos a todos disfrazándose de Barbie, o que engadiu un toque especial e divertido á xornada.

O Entroido no noso centro non só é unha oportunidade para divertirnos, senón tamén para fortalecer os lazos de amizade e fomentar a convivencia entre todos. E coma sempre en Vilamarín, os compañeiros prepararon un aperitivo co que rematar de xeito moi doce esta xornada de festa.

Non vos perdades en @cifpvilamarin fotos de todos os disfraces, que houbo para todos os gustos! ¡Viva o Entroido!



Crêpe




Un concours aux belles notes de Chandeleur!

Lors d'une journée palpitante remplie de créativité et de maîtrise culinaire, le département de français a organisé un concours de crêpes célébré le 9 février en l'honneur de la Chandeleur.

Pour ceux qui ne le savent pas encore, cette fête culinaire est célébrée le 2 février et a des racines à la fois religieuses et populaires. Dans la tradition chrétienne, la Chandeleur commémore la présentation de Jésus au Temple et la purification de la Vierge Marie. En France, la fête est surtout connue pour la coutume de faire des crêpes, symbolisant le soleil et la lumière, car la date coïncide avec la moitié de l'hiver et l'allongement des jours. Selon la tradition, en cuisinant les crêpes, on doit tenir une pièce de monnaie dans la main gauche tout en retournant la crêpe avec la main droite pour attirer la bonne chance et la prospérité."

Cet événement a rassemblé des étudiants de diverses spécialités comme la pâtisserie ou la cuisine dans une compétition qui met à l'épreuve leurs compétences, leur imagination et leur connaissance des techniques de cuisine.





Le concours de cette année a compté une quinzaine d'étudiants participants, qui ont présenté des créations qui ont étonné à la fois les juges et les spectateurs par leur originalité et leur dextérité. Des recettes les plus classiques aux combinaisons les plus innovantes, les crêpes exposées ont démontré le talent et la passion des futur(e)s cheffes.

Le jury, composé de professeurs du centre, a eu la difficile tâche d'évaluer chaque plat en fonction de sa présentation, son goût, son originalité et sa technique, mais ils se sont surtout régalés avec de délicieuses crêpes sucrées. Comme nous pouvons l'apprécier sur les photos, les élèves se sont efforcés d'expliquer et de justifier leur élaboration.

Le premier prix a été décerné à Valentina, étudiante en première année de CAP en boulangerie et pâtisserie. Les juges ont loué l'harmonie des saveurs et la présentation impeccable de son plat, qui se distinguait tant par son élégance que par sa fraîcheur.


La deuxième place a été attribuée à Lucía, également étudiante en première année de CAP de la même spécialité. Ce plat s'est distingué par la richesse de ses saveurs et la cuisson parfaite des ingrédients.


Toutes deux ont remporté des places de cinéma pour deux personnes.

En plus des principaux prix, nous avons attribué des bons pour un petit déjeuner pour deux personnes lors du service de notre cafétéria à tous les participants pour leur créativité et leur maîtrise technique.

Nous tenons à souligner l'importance de ce type d'activités pour la formation intégrale des étudiants. Ce concours ne favorise pas seulement une compétition saine, mais permet également à nos élèves de démontrer leurs compétences et d'apprendre de leurs pairs et du jury.

Le Concours de Crêpes est non seulement une opportunité pour les étudiants de briller, mais aussi une célébration de la gastronomie et du talent des jeunes.





SKILLS GALICIA '23

As Olimpíadas da FP celebráronse este ano e o noso alumnado estivo alí.



As Olimpíadas de FP Skills Galicia son unha competición que reúne aos mellores estudantes de Formación Profesional (FP) de distintos centros de FP de toda a comunidade, para demostrar as súas habilidades en diversas áreas profesionais. Estas olimpíadas están deseñadas para promover a excelencia na formación técnica e vocacional, así como para destacar a importancia da FP na economía global.

O 7º Campionato Galego de Formación Profesional, Galicia Skills 2023 que se celebrou en Silleda os días 25, 26 e 27 de outubro, contou con alumnado de distintos ciclos de formación profesional do CIFP de Vilamarín, nos cales tiveron que realizar diversas probas para demostrar as súas habilidades e destrezas na especialidade pola que participaron.

Os nosos representantes este ano foron:

- **Mateo Iglesias Casal** por servizos de restaurante e bar.
- **María Fernanda Cruz Hoyos** por cociña.
- **Laura Martínez Pláñez** por panadaría
- **Adrián González Díaz** por recepción hoteleira.


Todos e todas os que formamos parte do CIFP de Vilamarín estamos orgullosos de vós e do voso esforzo e adicación!

Tras dúas intensas xornadas de competición, chegou a **medalla de prata no skills de cociña** da man da nosa alumna María Fernanda Cruz Hoyos, acompañada polo seu titor Xenxo Pereiro. Noraboa María e Xenxo!!!!



Por suposto, moitos parabéns aos nosos representes nos skills de recepción hoteleira, servizos de restauración e panadaría que fixeron un traballo excepcional xunto cos seus titores.





IMOS DE VODA!

Por Anxo Montilla




O evento contou coa participación de todo o alumnado do CIFP de Vilamarín que quixo ser parte desta cita tan sinalada.



O pasado 29 de febreiro o CIFP de Vilamarín visteuse coas súas mellores galas para a celebración dun gran evento social, a celebración (ficticia) da voda de Carlota e Nico. O evento foi pensado como unha gran oportunidade de poñer en práctica todo o aprendido durante o curso dun xeito o máis real posible.

Pasadas as 12 da mañá e coa música dos alumnos do Conservatorio de Música Profesional de Ourense, os noivos descendieron polas escaleiras que conducen ata o hall onde agardaban os convidados, entre os que se atopaban membros da Consellería de Educación, representantes de importantes






empresas do sector que colaboran co centro e membros da comunidade educativa.. Despois dunhas agarimosas verbas por parte dos amigos dos noivos chegouse ao esperado Si Quero. Tampouco faltaron os tradicionais vítores de Vivan os noivos!!!

Unha vez rematada a cerimonia pasouse a degustación dun aperitivo previo ao banquete no que os noivos foron recibidos coa realización dun espectacular sabrage. Despois do brindis e nun ambiente distendido, os convidados puideron desfrutar dunha gran variedade de saborosos bocados, como nigiri de ceviche de robaliza, gazpacho de amorodos agridoce, croquetas de kimchi e xurelo ou unha estación de queixos galegos., así como unha mesa de corte de xamón onde os alumnos mostraron a súa destreza nesta arte. E todo regado con sidra, cup de cava ou unha coidada selección de viños galegos.

A aula taller de restaurante convertiuse para a ocasión nun precioso salón de eventos, no que ata o máis mínimo detalle foi pensado para acadar unha experiencia inesquecible por parte dos asistentes. E como en toda voda galega que se precie, a calidade e a abundancia fixeron acto de presenza. Unha coidada selección de pratos exquisitos con unha elegante e creativa presentación que remataron coa maravillosa tarta nupcial.

Cabe destacar a participación da maior parte do alumnado do centro que, dende varias semanas antes do evento e coa titorización do seu profesorado, estiveron planificando con esforzo, cariño e adicación para que todo saise perfecto, acadando un sentido recoñecemento por parte dos asistentes.





PRAGA

Un paseo polo corazón de Europa

Por Rocío Reija

Do 18 ao 25 de novembro o
alumnado dos ciclos de
modalidade Dual de Dirección
de Cociña e Xestión de
Aloxamentos Turísticos,
participou nunha mobilidade
a Praga, a cidade dourada de
Europa.





UN PASEO POLO CORAZÓN DE EUROPA

A mobilidade realizouse ao abeiro da Resolución do 29 de setembro de 2023 da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se convoca un programa de mobilidades de FP dual para este curso 2023-2024.

O obxectivo desta mobilidade foi mellorar a competencia profesional e lingüística do alumnado participante a través da súa participación efectiva neses ámbitos, de xeito que se atenderan as necesidades de persoal cualificado dos diferentes sectores produtivos e se favorecera a mellora da competitividade e o desenvolvemento do noso tecido produtivo e a Industria 4.0.

O alumnado e profesorado acompañante aloxouse no hotel Exc City Park, pertencente á cadea española Eurostars, moi ben situado preto da famosa praza de Wenceslao.

Chegamos xa ao anoitecer á cidade das cen torres, nun día frío pero despexado. Por diante tiñamos 7 días repletos de actividades, experiencias, visitas a lugares increíbles e moita ilusión por pasalo ben.



Fixemos unha visita guiada de día completo polo centro da cidade e o barrio do castelo. Comezamos visitando o castelo de Praga, fundado no S.IX e símbolo do Estado Checo desde hai máis dun milenio. A visita incluíu a entrada á catedral de St Vito, á basílica de St. George, un dos monumentos románicos máis significativos e ao vello palacio real e a súa famosa rúa do ouro no distrito Hradcany. O percorrido pola cidade vella, despois dun precioso pasco polo barrio de Malá Strana, incluíu a praza da Cidade Vella co seu famoso reloxero astronómico, a torre da Pólvora, a igrexa de Nosa Señora de Týn e por suposto a Ponte de Carlos. Unha verdadeira beleza toda a cidade!

Outra das visitas que fixemos foi á famosa cidade balnearia de Karlovy Vary. Coñecemos o “Geiser” que emana do chan o antigo balneario e as diferentes columnatas de augas termais. Ademais tivemos a oportunidade de mercar as súas famosas limas de cristal de bohemia e acabamos a visita sentíndonos verdadeiros aristócratas no café do Gran hotel Pupp degustando a súa famosa torta de chocolate.

Un dos días máis duros pero ao mesmo tempo visita pedagóxica para o noso alumnado foi ao Campo de Concentración Nazi de Terezin. Neste lugar realizamos un percorrido de reflexión a través do itinerario que seguían os presos despois da súa chegada, acompañados por Libor, guía checo.

Tamén tivemos tempo de visitar dúas empresas hoteleiras pertencentes á cadea española Eurostars, o Hotel Eurostars Thalia e o Áurea Legends, acompañados pola súa directora. Nestas visitas ensináronnos todas as instalacións ademais de adiar un tempo en comentar a posibilidade de realización de prácticas para o noso alumnado.

Como complemento das actividades organizadas desde o centro, o alumnado, dentro do seu tempo libre puido facer unha verdadeira inmersión lingüística e cultural con visitas como por exemplo á cidade de Kutná Hora coñecida como “O Tesouro do País”, o barrio xudeu da cidade ou vivir unha gran experiencia sensorial no primeiro teatro negro do mundo.

Despois dunha semana fría pero seca, Praga despediunos cun manto branco de neve. **MESMO PARECÍA QUE A CIDADE SE DESPEDÍA DE NÓS!**



Una nueva etapa

Por Bibian González




La jubilación de un colega siempre es un momento agridulce. Por un lado, nos alegra ver que finalmente podrá disfrutar de más tiempo libre y descanso después de tantos años de dedicación y esfuerzo. Por otro lado, su ausencia dejará un vacío en nuestro corazón y en nuestra rutina diaria. Este es el caso de **Antonio Caride**, un profesor de cocina en el CIFP de Vilamarín en Ourense, que después de más de 30 años de servicio, se retira para disfrutar de su merecida jubilación.

Antonio ha sido una figura importante en el CIFP de Vilamarín durante todos estos años. Siempre colaboró en las actividades del centro, tanto dentro como fuera del aula.

Participaba con entusiasmo en las cenas y en la lotería de Navidad de los compañeros, y era conocido por su diver-

tida costumbre de disfrazarse de Papá Noel. Su simpatía y buen humor siempre fueron bien recibidos por todos, tanto por estudiantes como por colegas, haciendo que el ambiente laboral fuera siempre agradable y ameno. Pero más allá de su faceta festiva, Antonio también era un profesor comprometido con la formación de sus alumnos.



Su pasión por la cocina se transmitía en cada clase, donde enseñaba con dedicación y paciencia.

Muchos de ellos recuerdan con cariño las enseñanzas y el apoyo que recibieron de él a lo largo de los años. Su pasión por la cocina y su dedicación a la enseñanza han inspirado a muchos de sus estudiantes a seguir una carrera en el mundo culinario. Ver a sus antiguos alumnos triunfar en el mundo laboral es una de las mayores satisfacciones de Antonio, y es algo de lo que puede estar muy orgulloso.

En el transcurso de su carrera, Antonio ha dejado huella en el CIFP de Vilamarín y en la vida de sus alumnos. Su calidez humana, profesionalismo y su influencia perdurará mucho tiempo después de que se haya retirado. Aunque su jubilación marque el final de una era en el CIFP de Vilamarín, su legado seguirá vivo en los corazones de todos los que tuvimos la suerte de conocerlo y trabajar a su lado. Su ausencia se dejará sentir en las aulas en los pasillos y sobre todo en nuestro paladar, pero nos consuela saber que finalmente podrá disfrutar de un merecido descanso y pasar más tiempo con su familia y amigos haciéndoles esos famosos cocidos.

En este momento de despedida y celebración, solo nos queda desearle a Antonio Caride todo lo mejor en esta nueva etapa de su vida. Le deseamos todo el éxito y la felicidad en esta nueva etapa de su vida, sabiendo que siempre será parte de nuestro instituto. Que disfrute de su merecido descanso y que encuentre felicidad en cada nuevo día. Su presencia y sus enseñanzas serán recordadas con cariño por todos nosotros, y le estaremos agradecidos por su contribución al CIFP de Vilamarín.

¡Felicidades en tu jubilación y Gracias, Antonio, por todo lo que compartimos!



Innova '24

Viaxe sensorial a través das bebidas fermentadas



Un ano máis, no marco de FP Innova 2024, Congreso de Innovación na Formación Profesional, organizado pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, levouse a cabo un interesante obradoiro titulado "Viaxe sensorial a través das bebidas fermentadas". Este evento, que tivo lugar entre o día 24 de abril na Cidade da Cultura de Galicia, reuniu a alumnos interesados na innovación e na gastronomía.

O obradoiro, realizado o pasado 24 de abril, contou coa participación dos alumnos Italia e Aarón, do ciclo medio de Servizos, que estiveron acompañados polos seus profesores Anxo e Loreto.

↓
Queres aprender a facer kombucha?


Pregunta na cafetería do centro e aprenderas a facela por ti mism@!

VIAXE SENSORIAL A TRAVÉS DAS BEBIDAS FERMENTADAS

Durante a sesión, os participantes aprenderon sobre os principios básicos da fermentación, as propiedades beneficiosas das bebidas fermentadas non alcohólicas para a saúde e as técnicas de preparación artesanal de produtos como a kombucha, o tepache e os refrescos.

Ademais, o obradoiro incluíu unha sesión práctica na que os alumnos de distintos centros de toda Galicia puideron probar bebidas elaboradas con diferentes ingredientes e métodos de fermentación, fomentando a creatividade e o espírito emprendedor. Este evento non só buscou dotar aos estudantes duns mínimos de coñecementos técnicos, senón tamén inspiralos a considerar novas ideas e proxectos no ámbito da alimentación saudable e sostible, aliñándose coas tendencias actuais de consumo e a demanda de produtos innovadores no mercado.

O obradoiro foi impartido coa intención de amosar a máis de 60 asistentes todo o traballo que se está a facer no Instituto de Hostalería e Turismo de Vilamarín, promovendo o intercambio de ideas e a aprendizaxe colaborativa entre os que tiveron a ocasión de probar as creacións que se elaboraron na clase.





Ven a formarte con nós!

Oferta Formativa Curso 24/25

● Grao Superior (DUAL Intensiva)

- Xestión de Aloxamentos Turísticos
- Dirección de Servizos de Restauración + Oferta parcial xestión de aloxamentos
- Dirección de Cociña + Producción Agrocolóxica



● Grao Superior (Réxime xeral)

- Dirección de Cociña
- Dirección de Servizos de Restauración



● Graos Medios (Réxime xeral)

- Panadaría, repostaría e confeitaría
- Servizos de Restauración
- Cociña e gastronomía



● Graos Medios (DUAL Intensiva)

Servizos de Restauración

Comercialización de Produtos Alimentarios (compartido)



● Grao Básico

Cociña e Restauración (ordinaria)



Actividades de panadaría e pastelería (ordinaria)



Aproveitamentos forestais (DUAL Intensiva)



● Graos Medios (MODULAR-Persoas Adultas)

Cociña e gastronomía



● PROGRAMA RETORNA TALENTO (DUAL Intensiva)

CS Xestión de Aloxamentos Turísticos



Oferta formativa 2024/25

Infografía elaborada por Natalia Salgueiro

A FP DUAL NO CIFP DE VILAMARIN

Por Natalia Salgueiro



A Formación Profesional Dual en Galicia é unha modalidade de formación profesional que ten como finalidade a cualificación profesional das persoas nun réxime de alternancia de actividade laboral nunha empresa coa actividade formativa nun centro educativo, que combina tres piares fundamentais para a cualificación profesional:

- **1. Formación Curricular:** Esta parte é específica do ciclo formativo e impártese no centro educativo.
- **2. Traballo na Empresa:** Os estudantes realizan prácticas nunha empresa ou organismo relacionado coa súa área de estudo.
- **3. Formación complementaria:** Ademais das prácticas, os alumnos reciben formación específica para os procesos produtivos da empresa.

Esta combinación permite que os estudantes asistan ao centro educativo, formándose e traballando na empresa ao mesmo tempo. A FP Dual busca incrementar a motivación dos alumnos, facilitar a súa inserción laboral e fomentar a relación entre centros de FP e empresas.

Lembramos que a FP Dual busca combinar formación teórica coa experiencia práctica, preparando aos estudantes para o mundo laboral. Se iso o levamos o terreo do CIFP DE VILAMARIN, podemos decir, que é gratificante contar con empresas da contorna de Ourense que respaldan, confían e apoian a idea da formación da dual, e que acollen de boa gana o alumnado dos ciclos formativos que se forman no noso centro educativo.



As prácticas na empresa na Formación Profesional Dual son unha parte fundamental da experiencia de aprendizaxe. De seguido, recolleamos algúns detalles sobre como funcionan:

- **Duración e Horario:** A duración das prácticas pode variar, pero xeralmente abarcan un período de tempo significativo (varios meses). O horario tamén pode variar, pero adoita ser a xornada laboral estándar da empresa.
- **Contido das Prácticas:**
 - Os estudantes aplican os coñecementos adquiridos no centro educativo ás tarefas reais da empresa.
 - Traballan en proxectos ou actividades relacionadas coa súa área de estudo.
 - Aprenden habilidades prácticas e adquiren experiencia laboral.
- **Titoría e Seguimento:**
 - Os alumnos teñen un titor na empresa que os guía e supervisa durante as prácticas.
 - Este titor asegúrase de que os estudantes se involucren en tarefas relevantes e proporciona “feedback”.
- **Avaliación:**
 - As prácticas son avaliadas tanto polo centro educativo como pola empresa.
 - Os estudantes deben cumprir obxectivos específicos e demostrar competencias profesionais.

O papel do centro educativo durante as prácticas na empresa é fundamental para garantir unha experiencia de aprendizaxe completa e integrada. O centro educativo xoga un papel clave na coordinación, seguimento e enriquecemento da experiencia de FP Dual.

Algúns aspectos clave:

- **Coordinación e Planificación:**

- Centro educativo colabora coas empresas para establecer os obxectivos das prácticas e planificar o seu desenvolvemento.
- Define os contidos curriculares que deben aplicarse nas prácticas.

- **Seguimento e Avaliación:**

- Centro asigna un titor que supervisa as prácticas xunto co titor da empresa.
- Realiza seguimento regular dos estudantes, avaliando o seu progreso e proporcionando feedback.

- **Formación Complementaria:**

- Ademais das prácticas, o centro pode ofrecer formación complementaria para reforzar os coñecementos teóricos.
- Proporciona recursos e materiais para apoiar aos estudantes durante as prácticas.

- **Vinculación coa Empresa:**

- Centro fomenta a relación coa empresa, asegurando que as prácticas se integren coa formación curricular.
- Colabora coa empresa para adaptar o currículo ás necesidades do mundo laboral.



Dende este curso escolar, o centro educativo participa co programa **Retorna Talento FP** . Este programa é unha iniciativa da Xunta de Galicia que ofrece bolsas para estudar programas específicos de formación profesional (FP) e ciclos de FP Dual. https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240313/AnuncioG0655-050324-0002_gl.html

Neste programa, o noso centro participa co CS ALOXAMENTOS TURÍSTICOS, con 12 prazas neste curso escolar de 1º convocatoria, e repetiremos a experiencia o vindeiro curso escolar 2024-2025, con outras 12 prazas.

O **programa Retorna Talento FP** ofrece varias vantaxes aos estudantes de Formación Profesional Dual en Galicia:

- **Bolsas Económicas:** Os estudantes seleccionados reciben bolsas económicas para axudar a cubrir os gastos durante a súa formación. Estas bolsas poden variar segundo a modalidade do programa.
- **Experiencia Laboral:** A FP Dual permite aos estudantes traballar directamente nas empresas, adquirindo experiencia práctica e coñecendo o mundo laboral.
- **Relación coas Empresas:** Os estudantes establecen vínculos coas empresas colaboradoras, o que pode facilitar a súa inserción laboral no futuro.
